

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

A CORUÑA E FERROL

Os teatros Rosalía e Jofre centran os actos das letras este xoves

Na Coruña terá lugar a 'Festa da Lingua', presentada por Xurxo Souto, mentres que Ferrol pedirá a homenaxe para Carvalho Calero.

Redacción - 17:10 15/05/2008

En Ferrol, o Teatro Jofre acollerá o xoves 15 un acto cívico, organizado polo Concello, asociacións culturais e veciñais, para o que se repartiron catro mil convites en toda a cidade. O acto conmemorativo será presentado e conducido polo poeta e escritor Vicente Araguas, e contará coa participación de Miro Casabella e o Real Coro Toxos e Froles na parte musical. O bailarín Jesús Quiroga porá en escena a peza *Negra Sombra*; e, finalmente, Henrique Rabuñal e Mauricio Castro farán senllas achegas sobre a vida e obra de Álvarez Blázquez e Ricardo Carvalho Calero, facendo deste xeito unha reivindicación para a inclusión do escritor e lingüista ferrolán na relación de homenaxeados co gallo do Día das Letras Galegas.

E na Coruña, o xoves o teatro Rosalía de Castro acolle ás 20.30 horas a *Festa da Lingua*, un acto festivo que será presentado por Xurxo Souto e contará coas actuacións das Cantareiras da Ardebullo (Os dous de sempre) e Xavier Díaz Sexteto.

Pola súa banda, en Santiago de Compostela a poeta Eva Veiga presentará o seu espectáculo *Camiños do Sol*, unha escolma persoal sobre a obra de Álvarez Blázquez. Acompañada pola frauta de Fito Ares e o clarinete e a percusión de Bernardo Martínez, Eva Veiga recitará e cantará obras do *Cancionero de Monfero*, de *Roseira do teu Mencer* e de *Canle Segredo*. Os concertos repetiránse o sábado 17 en Betanzos e o venres 23 en Brión.